

**Acta núm. 12/2023.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 19 de setembro de 2023.**

ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.

María Rosa Romero Fariña.

José Antonio Vidal González.

Non asiste: Sandy Marie Cebal Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 19 de setembro de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 11/2023, DO 29/08/2023.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 6º) CORRECCIÓN DE ERRO LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 7º) VADO PERMANENTE.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 11/2023, DO 29.08.2023.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 29.08.2023, acta núm. 11/2023.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ROSA LÓPEZ GÓMEZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na Avda. Vicente Ramos 36, Os Ánxeles:

.- Reparar a cuberta da vivenda substituíndo a totalidade da tella en mal estado por tella nova das mesmas características, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación

.- Limpar e pintar as fachadas da vivenda en cor branca.

A parcela (referencia catastral 7450824NH2475S0001GL) na que se pretenden executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 171,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 235,97 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMÓN BLANCO FERNÁNDEZ, na que comunica que vai realizar obras de arranxo na cuberta da vivenda de Gronzo nº 15, Brión. As obras consistirán na substitución parcial e recolocación tamén parcial da cobertura da vivenda, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.

A edificación (referencia catastral 4754403NH2445S0001TU) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 26,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 90,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL MAR SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Guitiande 4, Os Ánxeles, substituíndo a cobertura actual de tella cerámica curva por outra do mesmo material.

A edificación (referencia catastral 7350304NH2475S0001GL) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2: UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Que as obras non afecten á estrutura da cuberta nin ao seu volume.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 41,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 105,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA TERESA RODRÍGUEZ VERDASCO, na que comunica que vai limpar e pintar en cor granate as fachadas dunha vivenda unifamiliar sita na Avda. dos Ánxeles nº 1 – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 65501B1NH2465S0001IG), na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 28,00 euros.

Total: 28,00 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL GARCÍA MIRAZO, na que comunica que vai mellorar o acceso a unha parcela rústica sita na aldea de A Telleira, poñendo unha tubaxe de 6 m. de lonxitude na cuneta da vía pública que da fronte á parcela, para a canalización de pluviais.

A parcela (referencia catastral 15013A050001430000UE) atópase emprazada dentro da delimitación de solo clasificado como solo rústico de protección forestal (RF), séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico, en aplicación do disposto ó respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A tubaxe terá unha sección mínima de 400 mm.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,40 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,97 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AMALIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, na que comunica que vai instalar 10 módulos de placas solares para autoconsumo no terreo anexo a vivenda sita no lugar de Trasouteiro nº 11 – Brión; a instalación vaise a executar na parte da parcela clasificada como solo de núcleo rural (Ordenanza: NRL-2), separada 10 m. da vivenda.

A parcela (referencias catastrais 5166305NH2456N0001PB, 5166305NH2456N0000OL) onde se pretenden executar as obras ten dúas clasificacións, unha clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural (Ordenanza: NRL-2 áreas non consolidadas pola edificación), e outra (parte traseira da parcela), clasificada polo PXOM como solo rústico de protección agrícola (RC).

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia, de data 31/08/2023 (expediente DH.W15.93937) e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A instalación afastarase 6 metros do lindeiro particular e 3 metros da liña de delimitación entre as distintas clasificacións da parcela (solo de núcleo rural/ NRL-2 e solo rústico de protección agrícola/RC).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 124,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 188,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Mario Miguel Carril Vázquez, que di actuar en representación de LA PEREGRINA AMES, S.L., na que comunica que vai realizar obras de mellora da envolvente térmica nunha vivenda unifamiliar pareada, sita no lugar de Gronzo nº 40 – Brión, consistentes en revestir as fachadas da edificación cunha capa de 6 cms., a base dunha placa de illante térmico e revestimento de morteiro con pintura de cor branca, sen alterar a disposición de ocos da vivenda, segundo proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico Mario Miguel Carril Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de A Coruña- Galicia con data 29.06.23 e documentación complementaria visada con data 13.07.23 (expte. 23001701).

A edificación (referencia catastral 4856109NH2445N0001EX) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para áreas consolidadas pola edificación da zona leste (Ordenanza: NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 379,59 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 444,16 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Manuel Caamaño Barca, que di actuar en representación de CAAMAÑO INSTALPROYECT, S.L., na que comunica que vai substituír a tella cerámica dun pequeno alpendre anexo á vivenda, duns 14 m², aproximadamente, sito en Guitiande nº 30 – Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 7351401NH2475S0001BL) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Guitiande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE4 e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que non se poderá alterar o volume actual da cuberta.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 9,16 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 73,73 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por LUIS GUTIÉRREZ MOLINA, na que comunica que vai executar obras de infraestrutura soterrada para conectarse á rede de saneamento existente no núcleo de Vilas - Bastavales, pola vía pública, para dar servizo á vivenda nº36.

A parcela (referencia catastral 6924801NH2462S0001MP) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- As obras estarán supervisadas pola empresa encargada do mantemento (Espina & Delfín), que executará tamén os entronques á rede existente.

.- Ao rematar a obra o solicitante achegará un ensaio de estanquidade do saneamento á empresa concesionaria (Espina & Delfín), coa finalidade de que emita informe previo á recepción da obra.

.- A concesionaria poderá realizar as probas e inspeccións pola súa conta que estime oportunas.

.- As acometidas, desde a peza de toma colocada no ramal correspondente da rede á instalación, farase pola empresa concesionaria do servizo de augas, sendo de conta do aboado o custe correspondente de instalación segundo os prezos aprobados polo Concello.

.- Deberá repoñer o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía deberá depositar un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 874,47€, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 114,89 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 179,46 euros

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por VICTOR MANUEL BLANCO BLANCO, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en San Salvador 29 – San Salvador.

Con data 21/12/2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle a Victor Manuel Blanco Blanco e Carolina Rivas Varela, licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en San Salvador 29 – San Salvador, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13.12.2021(expte. núm. 2107147).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, con data 17.04.2023, visado con data 19.05.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Brenlla Romarís, que di actuar en representación de JOSÉ PAIS TRIGO e MARÍA DEL CARMEN FUENTES ROMARÍS, solicitando licenza para rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Fonte Paredes 26 – Ons, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto José Ángel Santos Ferro, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 22.09.2022 e documentación complementaria visada con data 22.08.2023 (expt.2205287) .

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 1792603NH2419S0001SJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1) e atopase dentro da zona de policía de leitos dun rego.

A Xunta de Goberno Local, a vista da autorización de Augas de Galicia de data 06/07/2023 (clave DH.W15.94211) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto José Ángel Santos Ferro visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 22.09.2022 e documentación complementaria visada con data 22.08.2023 (expt. 2205287) .
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (35 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a rehabilitación e ampliación da vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 35 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 14 de setembro de 2023.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 840,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 936,03 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ricardo Pérez Bellón, que di actuar en representación de PEBEGASA SC, na que solicita licenza para construción dun silo forraxeiro vinculado a explotación gandeira existente (vacún de leite), no lugar de Pousada – Viceso, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos García Vázquez, visado con data 21.07.2023 e documentación complementaria visada con data 12.09.2023 (expte. 20230720).

As parcelas onde se pretenden executar as obras (referencia catastral nº 15013B504009610000MM, 15013B504009620000MO e 15013B504009630000MK), están situadas en solo clasificado polo PXOM como rústico, segundo o disposto na Lei 2/2016, do solo de Galicia, en base a súa disposición transitoria primeira.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O interesado fará constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie da totalidade das parcelas catastrais (2.139,36 m²) á construción (304m²) e ao uso autorizado (explotación gandeira), segundo o artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos García Vázquez, visado con data 21.07.2023 e documentación complementaria visada con data 12.09.2023 (expte. 20230720).
- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para a ampliación da actividade, segundo a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 638,27 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 734,30 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Antonio Fariña García, que di actuar en representación de FORRAJES CONDOMIÑAS S.C., na que solicita licenza para construción dunha nave e dous silos, para ampliación da gandería existente de carne de gando bovino, no lugar de A Telleira - Bastavales, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas (A Coruña – Pontevedra) con data 12.09.2023 (expte. 20230878).

As parcelas onde se pretenden executar as obras (referencia catastral nº 15013A050003830000UP e 15013A050004070000UY, están situadas en solo clasificado polo PXOM como rústico, segundo o disposto na Lei 2/2016, do solo de Galicia, en base a súa disposición transitoria primeira.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O interesado fará constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie da totalidade das parcelas catastrais (28.592 m²) á construción (2.441,08m²) e ao uso autorizado (explotación gandeira), segundo o artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao visado polo Colexio Oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas (A Coruña – Pontevedra) con data 12.09.2023 (expte. 20230878).

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para a ampliación da actividade, segundo a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.516,99 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 2.543,68 euros.

Total: 6.060,67 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por ELISA ISABEL IGLESIAS FRAMIL, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar e edificación auxiliar en Xinzo 33- Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado polos arquitectos Ismael Ameneiros Rodríguez e Santiago Rey Conde, visado con data 21.04.2023 e documentación complementaria visada (expte 2300633).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 9910644NH3491S0001WJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado con dúas clasificacións de solo; parte (611,97 m²) en solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1) e parte (314,06 m²) en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2). A edificación situarase sobre o solo clasificado como NRL-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polos arquitectos Ismael Ameneiros Rodríguez e Santiago Rey Conde, visado con data 21.04.2023 e documentación complementaria visada (expte 2300633).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (86,42 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos

de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 86,42 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 28 de agosto de 2023.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.067,35 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.163,38 euros.

SEXTO.- CORRECCIÓN DE ERRO LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Detectouse un erro na transcripción do informe técnico na acta da Xunta de Goberno Local do 19.04.2022, pola que se concedeu licenza de segregación e agrupación de dúas parcelas rexistras (7024 e 7435) con referencia catastral nº 0473203NH2407S0001AW sitas no lugar de Ombre - Viceso, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesús Francisco Nieto Pais, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros agrónomos de Galicia, visado (nº14518-1) de data 14.03.2022, outorgada a MARÍA GLORIA CHAVES GUILLERMES.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, acorda:

1º) Rectificar o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado, nos seguintes termos:

Onde di:

B - Finca número 74-73-B:

Superficie de cesión: 119 m2.

Debe dicir:

B- Finca número 74-73-B:

Superficie de cesión: Cesión vial norte de 62 m2; parcela de cesión e denominada no proxecto como parcela 74-1), e cesión polo vial sur de 57 m2, parcela de cesión e denominada no proxecto como parcela 74-2). Total superficie de cesión de viario de: 119 m2.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

SÉTIMO.- VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANA MARÍA BLANCO SÁNCHEZ, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo de acceso a vivenda sita na Avd. Santa Minia nº 102, - Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.
Total: 63,00 euros.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González